

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

ORDE do 23 de decembro de 2024 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 13 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras (códigos de procedemento TR356A e TR356C).

No DOG núm. 33, do 15 de febreiro de 2024, publicouse a Orde do 13 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento TR356A e TR356C).

Á vista das solicitudes presentadas e atendendo ás contías, obsérvase que a dotación orzamentaria non é suficiente para atender todas as solicitudes, polo que cómpre realizar unha ampliación dos créditos consignados inicialmente.

No artigo 4.6 da Orde do 13 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción establécese que se poderá ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles en cada convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Así pois, de acordo co exposto e co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1. Incremento de financiamento**

Incrementátese en 330.000,00 euros o importe total destinado á concesión das axudas da Orde do 13 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas



ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, coa seguinte distribución:

Ampliación de crédito				
Programa de axudas	Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Descrición	Importe
Programa I (procedemento TR356A)	44.04.324C.470.5	2015 00561	Programa de incentivos ás empresas de inserción galegas	265.000,00 €
Programa II (procedemento TR356C)				65.000,00 €

Este incremento da dotación orzamentaria aténdese con fondos finalistas do Estado remanentes doutras convocatorias de programas do mesmo servizo.

Disposición final. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: e1snux84-t0e2-98w7-lg86-3meal6qo8nf4

